

NOTA INFORMATIVA

Recollida de información da Enquisa estrutural a fogares

O Instituto Galego de Estatística (IGE) comeza este luns, día 22 de xuño, o proceso de recollida de información en máis de 9.200 vivendas para a próxima edición anual da Enquisa estrutural a fogares, que finalizará no mes de setembro e cuxos resultados estarán listos en decembro.

Esta enquisa, de carácter oficial, está incluída na Lei do Plan galego de estatística 2017-2021 e estase a realizar desde o ano 1999. O seu obxectivo principal é o estudo das características socioeconómicas e as condicións de vida dos fogares galegos.

O traballo de campo consistirá na recollida de información sobre unha mostra aleatoria de 9.216 fogares repartidos por toda Galicia. Ás persoas entrevistadas realizaránselles preguntas relativas á idade, nivel de estudos, situación laboral, ingresos e gastos do fogar e privación material.

Ademais, este ano inclúese no cuestionario un módulo específico de características básicas das vivendas, no que se investigarán, entre outros aspectos, os equipamentos, instalacións e servizos das vivendas, a accesibilidade a servizos no seu contorno, o nivel de satisfacción coa vivenda e o seu contorno e as posibles necesidades de vivenda.

Confidencialidade

As vivendas seleccionadas recibirán unha carta na que se lle comunicará ás persoas interesadas a obriga que teñen de facilitar os datos, tal e como establece a Lei de estatística de Galicia, normativa que, por outra parte, garante a confidencialidade de todos os datos que lle sexan proporcionados ao IGE.

En concreto, os datos obtidos están protexidos polo segredo estatístico e tan só se poden utilizar cunha finalidade estritamente estatística.

Medidas preventivas para as entrevistas presenciais

O persoal enquisador seguirá as seguintes medidas preventivas para asegurar a máxima protección en materia de saúde pública fronte ao COVID-19 nas entrevistas presenciais:

Suspenderá a súa xornada de traballo se a súa temperatura corporal é superior aos 37°C ou se presenta algún síntoma compatible coa enfermidade.

Extremará as medidas de hixiene respiratoria como, ao tusir, cubrir a boca cun pano dun só uso ou contra o brazo co cóbado flexionado. Igualmente, evitará tocar os ollos, o nariz ou a boca.

Manterá unha adecuada e frecuente hixiene das mans, para o que disporá dun bote de xel hidroalcohólico para facer uso del antes de empezar a entrevista. Se o persoal enquisador ten alerxia aos hidroxelos, entón usará luvas de plástico dun só uso.

Usará obrigatoriamente máscara sempre que non resulte posible garantir o mantemento dunha distancia de seguridade interpersonal de, ao menos, 1,5 metros.

Todas estas medidas están supeditadas aos cambios que poidan producirse na lexislación vixente no momento de realizar a entrevista presencial.

Para máis información:

Instituto Galego de Estatística

Complexo Administrativo San Lázaro s/n
15703 Santiago de Compostela (A Coruña)

Contacto: <http://www.ige.eu/web/peticioninfo.jsp?>

Información enquisas: 900 102 104

FAX: 981 541 323

Notas de prensa en : <http://www.ige.eu>

Síguenos en Twitter: http://twitter.com/#!/IGE_Estatistica

Síguenos en facebook: <http://www.facebook.com/INSTITUTOGALEGOESTADISTICA?sk=wall>